

LOITA DO MOURO E O CRISTIÁN A FRANQUEIRA



Museo
do Pobo
Galego

NOME DO DOCUMENTO: MPG_ReXM_0023_001_en_0_00_01_id405_D
VÍDEO DE REFERENCIA: MPG_ReXM_0023_001_en_0_00_01_id405.mp4
AUDIO DO DIÁLOGO: MPG_ReXM_0023_001_en_0_00_01_id405.wav



instituto de
estudos das
identidades

FICHA PARA O APOI

MATERIAL DISPONÍBLE

Vídeo realizado o 8-IX-2010 da romería da Franqueira, audio do diálogo da loita do mouro e o cristián, colección de fotografías, partitura da danza, ficha de transcripción e contexto etnográfico

INFORMANTES/ACTORES

Varios veciños. Non se dispón do nome de quen fan de mouro e cristián

RECOLLEDORES

Xosé M. González Reboredo, etnógrafo.

Luis Costa Vázquez, etnomusicólogo, autor da transcripción da música da Franqueira e do comentario sobre a danza.

LOCALIZACIÓN

Lugar/aldea/barrio: A Franqueira.

Parroquia: Santa María da Franqueira

Concello: A Cañiza

Provincia: Pontevedra

País: Galicia (España)

REFERENCIA DO VÍDEO ORIXINAL XMRéV003

ITEMS NOS QUE ESTÁ INDEXADO:

Por temática.

Literatura popular / Teatro popular / Mouros e Cristiáns

Polo marco no que se sitúa

Festas / Romarías / Nosa Señora (Santa María)

Por incipit :

“Limitando con Orán...”



TRANSCRICIÓN DO TEXTO:

Nota: reproducimos a seguir o texto do *Diálogo* da autoría do poeta Ramón Cabanillas, e na columna da esquerda as variantes que puidemos detectar na gravación feita por nós o 8-IX-2010.

Texto de Ramón Cabanillas

Gravación de 2010. Variacións

O MOURO E O CRISTIANO DIÁLOGO

MOURO:

Limitando con Orán,
eu vivía en Marruecos,
pero por orden de Alá
salín a ver este tempo
5 onde os cautivos cristiáns
tiñan sempre o pensamento.
Mahoma, o gran Mahoma,
tróuxome aquí de tal xeito
que me atopo entre españoles
10 con temor, pero sin medo.

CRISTIANO:

Musulmán: deixa a Mahoma
que é profeta mintireiro,
de quen os porcos na Meca
o sepulcro revolveron.
15 Cautivo estiven dez anos
baixo do mesquiño imperio
dese teu nervudo brazo
que me cargaba de ferros...
¡Dez anos que che perdono,
20 pois son cristiano e non debo
vingarme dos teus maltratos
como podía facelo!
Aquí nesta meiga terra
de cristiáns, neste outeiro,
25 comenzou a reconquista
contra o Imperio Sarraceno...
¡Este é o noso Covadonga!
¡honra e gloria dos galegos!
Tras Don Pelaio marcharon
30 rapaces, mozos e vellos,
i a nosa Virxe da Fonte
doulles forzas, doulle alentos,
pra facer bravas xornadas
coronándoos de loureiros.
35 Mil cristiáns eran poucos
para vinte mil mouros negros,
pero a Virxe da Franqueira
púxolles diante o seu Neno,
e con forzas sobrehumanas
40 os mil cristiáns venceron.
A Covadonga i aquí
acoden hoxe romeiros
agradecidos á Virxe
que tanto favor ten feito.
45 E cando recibe inxurias
o noso cristiano credo,
dan a luz estas montañas,
por entre toxo e penedos,
de Asturias e de Galicia
50 novos cruzados modernos
que, tras da Virxe da Fonte,
que leva en brazos o Neno,

... teu mesquino....
...teus nervudos brazos
...que me cargaban...

como así podía facelo

do noso.....

de Asturias, Galicia



55	<p>¡vencerán!, coma destonces aqueles bravos venceron. ¡Musulmán, deixa a Mahoma!</p>	
	<p>Entra comigo no templo a ver a Virxe querida, Nai que mira dende os ceos</p>	a ver esta Virxe....
60	<p>Con garimosiños ollos prós que no chan padecemos; Nai que nos defenderá destes novos sarracenos que trinan na nosa patria pra facer dela un inferno.</p>	
65	<p>¡Eres nosa Nai, Señora, i o noso Pai é o teu Neno! Entra, mouro, si é que queres ver esta Nai que nós temos, que liberta os seus filliños das cadeas e dos cepos, da negrura e do vexame de calquera cautiverio.</p>	
70	<p>Pé desta Virxe da Fonte que fai favores a gueipos, arrenega de Mahoma</p>	Ao pé.....
75	<p>coma arrenego eu do demo, e verás despóis na gloria esta Reina do Universo, Nai de Dios, que é Pai de todos,</p>	coma eu arrenego do demo,
80	<p>cos seus braciños abertos á espera polos que tornan a confesarlle os seus erros.</p>	
	<p>MOURO: Anque estou en terra estrana teño un Alá que estou vendo</p>	
85	<p>con soberano poder, i o coitelo sarraceno nunca se arredou cobarde, dun cristiano polo menos.</p>	que nunca.....
90	<p>Esta Virxe da Franqueira librouvos por artes meigos de ser cautivos cristianos. Si as vosas armas venceron en Otumba e máis nas Navas i en Clavixo, ten por certo</p>	vos librou por artes meigas
95	<p>que recibiron axudas que para min son un misterio. Paseou a Media Lúa cuase, cuase o mundo enteiro, pero polas culpas mouras</p>	mais polas
100	<p>castigou Alá o Imperio. ¡Xuntamos grandes riquezas e conservamos trofeos! Teño un alcázar en Fez entre palmeiras e abetos,</p>	
105	<p>onde pasarás os anos con farturas e recreos; pisarás ricas alfombras; blonda, seda e terciopelo, vestirán ó teu harén.</p>	seda, blonda, terciopelo,
110	<p>Terás cabalos, camellos; disporás de cen escravos e de todo o que alí temos si renegas desa Nai e ves comigo a Marruecos,</p>	
115	<p>pra darlle culto ó Corán que Mahoma deixou feito... ¡De cristianos non esperes</p>	a darlle culto ó Corán



a mitá do que eu che ofrezco!

CRISTIANO (sacando a espada):

120 ¡Tírate aló musulmán!...
 Eu tamén non teño medo
 ás bravatas da morauma
 nin a un mesquiño coitelo
 ¡Son cristiano a moito honor!

125 Namentras viva sosteño
 que hei de conservar a fe
 que xurei no bautisterio.

130 Nin masón, nin protestante,
 nin Mahoma, nin Jansenio,
 Arrio, Nestorio e Calvino,
 con Zuinglio e máis Lutero,
 me farán mudar de idea,
 ¡pra canto máis tí, mostrenco!
 (de xeonllos)

[suprime algúns destes nomes]

135 Miña Nai, Nai queridiña:
 tí, que tripáchelo demo
 i eres Pura e Inmaculada
 coma convén ó teu Neno,
 pídoche, Virxe da Fonte,
 polo imperio sarraceno,
 por este mouro cobarde
 140 a quen miro con desprecio,
 nas súas propostas viles
 de apostasía...

(erguéndose airado)

...¡Ou te fendo

(coa espada en alto)

ou desas viles propostas
 pides perdón hoxe mesmo!...
 145 Sedas, alfombras, cabalos,
 alcázares, terciopelo...

Sedas, alfombras, alcázares
cabalos, camellos, terciopelo...

¿que sodes pra un bon cristiano?
 ¡Fume, polvo, barro e vento!
 150 ¡Sí!...Neste val de miserias
 todo se acaba en morrendo;
 todo foxe, todo esquece
 neste mundo mintireiro...

¡Polvo, fumo, barro e vento

Soilo un valor queda en pé
 polo mercado dos tempos
 e da eternidá tamén:
 155 ¡Amar a un Dios verdadeiro!
 Pra reinar despóis con El,
 gardar os seus Mandamentos
 e servilo aquí na terra
 160 pra vivir goces eternos
 na compañía desta Nai
 que tanto favor ten feito.

pra servilo....

MOURO:

Non te anoxes, non, cristiano:
 polo que escoito, ben vexo
 165 que tes vendados os ollos
 por un fanatismo cego.

que polo que escoito....
que tes os ollos vendados

CRISTIANO:

¿Fanatismo? ¡Non porfíes!

(coa espada en posición de ataque)



- 170 Bota man a ese coitelo
i encoméndate a Mahoma.
Eu, baixo deste meu credo,
Pé desta Virxen da Fonte,
pondo por diante o seu Neno,
hei de tripar a soberbia.
175 ¿Dás palabra, si te venzo,
de respeitar esta Nai
e pedir perdón ó Ceo?
ó pé desta Virxe....
has de respeitar esta Nai
- MOURO:
180 Por Alá i o seu profeta,
inconveniente non teño
en derramar este sangue
que sinto que está fervendo;
pero si por malas fadas
Mahoma non me dá creto
e caio baixo a túa espada...
185 ¡xúrocho, non cho prometo!,
tras desta Virxen da Fonte
quero marchar prisioneiro
i acollerme ós seus favores
i homillarme ó seu imperio.
190 Mais, pra saír destas dudas,
non despreciemos o tempo.
,acollerme.....
- (loitan, e cae o mouro)
- CRISTIANO (de xeonllos):
195 ¡Virxe da Fonte querida,
que achegas tantos romeiros
que veñen a rendir gracias
por favores que tes feito,
eu tamén, miña Naiciña,
agradecido ó teu Neno,
ás túas prantas me postro
i a miña espada che entrego
200 i o coitelo deste mouro,
ó teu favor prisioneiro.
,a miña espada
- MOURO (erguéndose):
205 Son cristiano dende agora
i ó pé deste santo tempro
que garda a Virxen da Fonte,
quero vivir; i os meus erros
choraréi beira da Nai
que ten en brazos un Neno,
verdadeiro Pai dos homes,
único Dios verdadeiro.



CONTEXTO ETNOGRÁFICO.-

A romaría de Nosa Señora da Franqueira é a máis importante da diocese de Tui. O día principal é o 8 de setembro, data na que se xuntan miles de romeiros, aínda que outro día importante son as chamadas *Pascuñas*, que caen no Luns de Pentecoste, festa móbil situada entre maio e xuño. Nesta data diversas parroquias do contorno acoden en procesión coas imaxes dos seus santos titulares á Franqueira para visitar a Nosa Señora. Ademais, ao longo do ano teñen lugar diversos actos que podemos cualificar como menores, pero que indican a importancia deste santuario.

A orixe do culto na Franqueira está asociada a un mosteiro documentado dende o século XI, pero seguramente de fundación anterior. Estivo orixinariamente a cargo de monxes bieitos, acolléndose posteriormente á reforma do Císter, a cal fomentou moito o culto a Santa María. A imaxe da Virxe que aquí se venera data do século XIV, sendo coñecida como Nosa Señora da Franqueira ou tamén <<da Fonte>> pola fonte que se asocia a este centro romeiro. En canto ao templo que a acolle, é unha mostra da arte cisterciense con engadidos ou reformas posteriores.

A devoción á Franqueira está documentada dende a Baixa Idade Media, e axiña quedou consolidada polos numerosos milagres con Ela relacionados, moitos deles recollidos no século XVIII no libro de J. Villafañe titulado *Compendio histórico en que se da noticia de las milagrosas y devotas imágenes de la Reyna de Cielos y Tierras, María Santísima, que se veneran en los más célebres Santuarios de Hespaña...*, Salamanca, 1726. Esta fama de milagreira é a que atraeu, e atrae, a miles de romeiros e romeiras, especialmente do suroeste de Galicia e algúns do norte de Portugal. Os males para os que a Virxe é avogosa son moi variados. Ata hai poucos anos este santuario, como outros galegos, era lugar ao que acudían cun ataúde como ofrenda persoas que estiveron en grave perigo de morte. Tamén acoden a Nosa Señora as mociñas que queren atopar home, como indica a cantiga seguinte: *Miña Madre da Franqueira/ non vos veño pedir pan:/ véñovos pedir un home/ que faga tremar o chan.*

Hoxe desapareceron as ofrendas en froitos do campo ou animais, abondosas antano, pero os devotos seguen a facer donativos en diñeiro, e depositan ramos de flores arredor da imaxe ou velas e exvotos de cera nun recinto situado fóra da igrexa. Así mesmo, a parede da cabeceira do templo está chea de outros exvotos diversos. Xestos rituais frecuentes son os de contacto, como tocar unha prenda ou un pano de man na imaxe ou no seu carro. En efecto, a imaxe da Virxe está situada sobre un carro do país no que logo sairá en procesión, peculiaridade que deriva de que, segundo unha lenda moi estendida, a elección do lugar para honrala fíxose recorrendo a que os bois que tiraban do carro que a levaba elixisen onde deterse.

A xornada festiva do 8 de setembro culmina ao final da mañá, momento no que ten lugar a procesión. A Virxe no seu carro é trasladada á porta da igrexa, onde se engancha unha parella de vacas suxeitas por un típico xugo da zona, dos chamados “de chancís”—antigamente eran bois--, comezando un percorrido arredor do templo en sentido contrario ás agullas do reloxo. O cortexo leva incorporada unha danza de catro parellas, que actúa durante a marcha e no alto que fai a comitiva. En efecto, ao chegar ao lateral sur do templo, onde hai instalado un palco, a procesión detense e actúan diante da Virxe primeiro as parellas de danzantes e logo *o mouro e o cristián*. Ambas manifestacións festivas merecen un comentario especial.



A) *A danza*.- A danza da Nosa Sra. da Franqueira encádrase dentro dun grupo de danzas conservadas no sueste da provincia de Pontevedra, como a aínda activa de Anceu (Pontecaldelas), e outras xa extintas, como a de Taboexa (As Neves). Estas similitudes atópanse tanto na vestimenta dos danzantes e os obxectos que portan (pauíños, arquíños e fitas), como na coreografía e mesmo nas melodías con que se acompañan, malia ser este o aspecto máis doadamente mudable.

Concretamente a da Franqueira execútana oito danzantes, en catro parellas de home e muller, e divídese en catro partes caracterizadas polos elementos que portan e as figuras realizadas. A primeira, con pauíños, que serve ademais como paso de marcha para o acompañamento da procesión, comprende cambios de posición rotatorios dos danzantes, mentres entrechocan os pauíños cos compañeiros de fronte ou dos lados. A segunda, con arquíños, inclúe varias figuras, destacando a formación de dous circos, de dúas parellas cada un, para unirse logo todos nun circo grande conxunto; seguen outras combinacións en parella ou en conxunto. A terceira, na que cada parella sostén un par de fitas, consiste igualmente en varios cruzamentos creando circos de catro ou de oito, unidos polas fitas que sosteñen, así como varias rotacións de posición dos danzantes. A cuarta figura é unha danza de trenzado e destrenzado de fitas nun pau central, similar ás que podemos observar en moitas outras danzas, particularmente vivas aínda hoxe na provincia de Ourense.

As melodías que acompañan ás diferentes partes presentan unha estrutura e xiros moi frecuentes neste tipo de danzas, como se pode observar na transcripción. Trátase ademais de claras persistencias de melodías orixinais incluídas no mesmo grupo de danzas que indicabamos arriba; concretamente, a melodía do *paloteo* da Franqueira, é idéntica ao nº 379 do *Cancionero* galego de Casto Sampedro Folgar (recollida como danza de Anceu) e a melodía dos arquíños e fitas, presenta un claro parentesco con nº 380 da mesma fonte (Pontearreas).

Con respecto á vestimenta, as mulleres, todas mociñas novas, levan traxe branco adornado con puntillas, zapato tamén branco e diversos enfeites; os mozos, pola súa parte, visten zapatos negros, pantalón e camisa brancos, faixa coas cores da bandeira de España, banda cos da bandeira de Galicia e, ademais, levan un mantelo de vivas cores.

Malia a inevitable evolución desta manifestación, visible en elementos como a vestimenta respecto da descrición que dera o poeta Ramón Cabanillas hai máis de setenta anos, cómpre salientar a permanencia dos elementos xerais desta importante manifestación coreográfica, incluída a dramatización do mouro e o cristiá, que se realiza actualmente ao remate da danza.

B) *A representación do mouro e o cristián*.- O *Romance* é unha breve peza teatral que ten lugar despois da actuación da danza, cunha duración duns dez minutos. Está en relación cun dos portentos atribuídos a Nosa Señora da Franqueira, quen, segundo a tradición, librou a uns cristiáns que a invocaron cando estaba cativos en Arxel, logrando que tanto eles como os mouros que os vixiaban aparecesen de súpeto no santuario da Franqueira.

Non se pode precisar o momento no que comezou esta representación teatral. Un texto máis antigo, en lingua castelá, foi o usado ata finais dos anos vinte do século pasado, sendo quizais posible que houbo outro aínda anterior en lingua galega. No ano 1926 o gran poeta galego Ramón Cabanillas foi ofrecido ao santuario e, a raíz deste feito, elaborou dúas composicións en galego. Unha leva por título *Romance do cristiano e do mouro*; a outra titúlase *O mouro i o cristiano. Diálogo*. Autores como Antonio Fraguas, Clodio González Pérez e Xosé Cardeso Liñares indican que é a primeira das composicións a que se representa, pero na gravación e filmación que se fixo no ano



2010 está claro que a utilizada foi a segunda, versión que tamén recolle Xoán Xosé Cebrián Franco. Se temos en conta que ao longo do anos os actores cambiaron, detectándose un destes cambios entre 2005 e 2010, non é imposible que tamén alternasen os textos segundo a circunstancia e o gusto dos novos intérpretes ou dos seus asesores. Coa finalidade de documentar este feito o mellor posible, ademais da versión de 2010, a seguir transcribíense tanto a máis antiga coñecida, en castelán, como a outra de Ramón Cabanillas.

Con respecto aos personaxes, mediante descrições ou fotografías antigas e recentes podemos apreciar que a súa vestimenta tamén cambiou ao longo dos tempos. Así, segundo Ramón Cabanillas, nos anos vinte do século pasado o mouro vestía “casquete de soldado prusián, un capote de <<villeu>> compostelán [é dicir, de garda minicipal] e unhas barbas longas e pretas” e o cristián “un sombreiro de dous cornos, do xeito dos que levan os Xefes de Administración de primeira clas,... un casaquín de albardeiro real e calza unhas botas de media cana”. Nas fotos tomadas por Clodio González Pérez no ano 2005 o mouro leva babuchas de punta moi longa, roupa moi colorista, a cara tisonada e unha especie de capacete na cabeza, mentres que o cristián viste un uniforme de infantaría de mariña e leva un sombreiro amarelo tipo quepis. Máis ambientadas coa época que pretenden evocar están as vestimentas do ano 2010, o cristián con traxe e capa negros decorados con bordados color ouro, así como capacete de coiro na cabeza, e o mouro con roupas que imitan as dos musulmáns e tamén con turbante e a cara tisonada de negro.

Unha vez rematada a representación con vitoria do cristián e arrepentimento do mouro, este último é encadeado e tanto el como o cristián incorpóranse á procesión, que segue o seu percorrido.

Dada a importancia deste santuario contamos con varias descrições e alusións ao mesmo. Unha é a da escritora anglosaxona Nina Epton, a cal nos ofrece unha breve visión da romaxe e da representación moi propia de persoa que interpreta o feito festivo dende unha óptica allea, sen afondar nas claves da cultura local que permiten entender a lóxica interna do conxunto da celebración.



AS OUTRAS DÚAS COMPOSICIÓNS COÑECIDAS ANTIGO TEXTO DA FRANQUEIRA.

(Representado ata finais dos anos 20 do século pasado e publicado por Vicente Risco)

Nota.- A orixe culta deste texto nótase en que aparecen estrofas de rima abaab, é decir, unhas *quintillas*).

MORO:

- Alá, mi Alá, mi Mahoma,
de los vuestros siempre he sido,
y como mucho os rogué
y no venís en mi auxilio,
5 creer no quiero realidad
cuanto aquí oigo, palpo y miro.
Y esta imagen de la Virgen
y de campanas el ruido
y esta multitud de gente
10 y este grande templo mismo
no son más que una ilusión
mi Alá y Mahoma mío.
Soy moro que piensa así
porque tengo un gran motivo.
15 De la Virgen de la Franqueira
me han hablado los cautivos
y hasta tuvieron valor
para exponer a mi mismo
que si yo no los libraba
20 ella haría un prodigio.
Desde entonces redoblé
las guardias en mi presidio
y cargados de cadenas
noche y día mis cautivos,
25 a estos di mucho trabajo
y poco hubieron comido.
Al volver de trabajar
en arcas eran metidos
donde bien se les cerraba
30 en lo más hondo de mi castillo.
Y sobre la arca de éstos
a dormir yo siempre he ido.
Por arte de encantamiento
que esto suceda me explico,
35 mas lo que magia o demonio
por mis prisioneros hizo,
yo lo vengo a deshacer
con este corvo cuchillo.
Alá, mi Alá, mi Mahoma,
40 venid muy pronto en mi auxilio,
yo no puedo querer que haya
ni un solo cristiano vivo.
¿Qué haces aquí de rodillas?
¡Dímelo pronto, cristiano!

CRISTIANO:

- 45 Retírate, musulmán,
yo las gracias estoy dando
a la Virgen de la Franqueira
por habernos libertado
a los cristianos cautivos
50 de ser siempre tus esclavos.

MORO:

- Cristiano, que no más veces
con todo imperio te digo,
¡ay!, que si no me obedeces
te pesará muchas veces
55 de ser osado conmigo.
Ponte en pie, pronto, cristiano,
ven a combatir conmigo.
Si no te mato, inhumano.



CRISTIANO:

60 Detente, mal mahometano,
yo combatiré contigo.

MORO:

¡Ay! cristiano, he combatido
en lucha justa y torneo
sin ser jamás vencido;
mas nunca anduve rendido
65 como hoy rendido me veo.
Eres un buen caballero,
el arma muy diestro esgrimes,
y a fuer de moro sincero
te diré cuanto te quiero
70 antes de que me lastimes.
Soy Visir, más que Bajá,
del imperio mahometano.
Por Dios, reconoce a Alá
y en Marruecos se te hará
75 con un grande destino.
Después casas con mi hermana,
que es mora hermosísima.
Pero con saña inhumana
mirarás desde mañana
80 la que es Virgen Santísima.

CRISTIANO:

Gracias, gracias, noble moro,
pero no puedo acceder
porque al Dios justo yo adoro
y por mujer ni por oro
85 otro no me he de volver.
Será muy rica tu hermana,
será muy noble y hermosa,
pero es una mahometana,
y solo mujer cristiana
90 merecerá ser mi esposa.
El Alá es un Dios vano,
falso profeta es Mahoma,
y que haya mahometano
que no quiera ser cristiano
95 que con su pan se lo coma.
Pero que yo me haga moro
y de la Virgen reniegue
por una mora y por oro,
tenlo en cuenta siempre, moro,
100 nadie a decírmelo llegue.

MORO:

¡Ay cristiano! ¡Ay cristiano!
toda mi sangre incendiaste.
Puse la suerte en tu mano
sí te hacías mahometano,
105 y a Alá y a Mahoma hollaste.
Volvamos, pues, al combate,
que por tus burlas a Alá
el odio en mi pecho late
y mientras yo no te mate
110 mi brazo no cederá.

(Combaten, e o mouro vencido dí:)

No me remates, buen cristiano,
que ya me doy por vencido,
y antes de que yo me muera
recibir quiero el bautismo.



CRISTIANO:

- 115 No te mataré, no, moro,
que lo prohibe Jesucristo,
pero mira estas cadeas,
con ellas me cargaste,
estuve en ellas prendido
120 y tu jamás me las quitaste
por no darme nunca alivio.
Lo mismo hacerte debía,
mas loa ley del cristiano,
que es la única ley de Dios,
125 hasta amar manda a enemigo.
A la Virgen de la Franqueira,
arrodillado y contrito,
da las gracias, noble moro;
por ella y por Jesucristo
130 te perdono y te hago libre.

MORO (De xoenllos):

Doy las gracias al Santísimo
y a la Virgen de la Franqueira,
¡Vivan los buenos cristianos!
¡Que muera el mahometismo!

(continúa a procesión e o mouro
ponse detrás da Virxe coas cadeas rotas)

OUTRO TEXTO EN GALEGO DE RAMÓN CABANILLAS

Nota.- Este texto é o posto en escena segundo algúns autores, pero a gravación feita en 2010 recolle o que demos anteriormente.

ROMANCE DO CRISTIANO E O MOURO

CRISTIANO:

- ¡Virxe e raña da Fonte,
Señora Santa María!
Por erros de mal amor,
pecados de mala vida,
5 en terra moura de Arxel,
terra de cautivería,
o rei mouro Birnarém
prisioneiro me facía.
Trinta na miña compañía
10 choran penas como a miña.
Zarrados en fortes arcas
e gardados noite e día,
aferrados con cadeas
que o corpo nos malferían,
15 véndonos en morte certa,
toda esperanza perdida,
a esta Virxe da Franqueira
que os nosos delores vía,
fixemos voto de darlle
20 alma, corazón e vida.
Cando no escuro da noite
o silencio nos cubría
e os mouros que nos gardaban
máis descoidados dormían,
25 anxes do ceo baixaron
que as pechas arcas abrían
e os duros ferros crebaban
limpándonos de feridas.



30 Nosa Señora da Fonte
diante de nós parecía
e co seu fillo no colo
alumea canto mira .
Por un camiño de estrelas
35 para a Franqueira camiña.
Da man dos anxes levados,
Ela nos cobre e nos guía
até que nos deixa salvos
na porta da súa ermida
40 ós cristianos redimidos
e ós mouros da Mourería.

MOURO:

Con artes de encantamento
e forzas non coñecidas
das que Alá ten o segredo
na súa sabedoría,
45 foi que aquí somos botados
por unha man enemiga.
Eu te conxuro renegues
desa soñada Raíña
a quen teu pouco xuício
50 tan poderosa imaxina.
Soio o Señor dos Crentes
ese miragro faría,
que somentes el coñece
miragros de Estroloxía.
55 Respeta o seu poderío,
O chan homildoso bica
e ven na miña compañía
a terras de Mourería.
E pois tí sabes que son
60 rei de facendas e vidas
e o mundo enteiro retembra
ó brillo da espada miña,
dareiche do meu tesouro
a feixes sedas garridas,
65 a carros o ouro e prata,
a montes as pedras finas,
elefantes que prisei
nas terras quentes da India,
cabalos que o vento deixan
70 atrás na súa corrida,
camellos que por traerche
canto baixo o sol se cría
as areas do deserto
percorren de noite e día.
75 Terás un pazo por teu
que as fadas cubizarían,
leitos cubertos de rosas,
fontes de ágoas cristaiñas,
cortizos de mel sabroso
80 fumeiros de incenso e mirra,
lenzos, traxes e cendales ,
roupas con ouro tecidas
nos máis sonados teares
de Damasco e Cachemira,
85 palmeiras de froito dóce,
músicas que te divirtan,
viños que ó teu corazón
enchan de fondas ledicias,
cen guerreiros que te garden,
90 cen escravos que te sirvan.

Para remate, facendo
A túa gloria cumprida,



95 hei de darche por muller
á princesa, miña filla,
cantada polos poetas
en romances e kasidas,
cubizada dos guerreiros
de máis sona esclarecida,
a que chaman os que a viron
100 a Rosa da Mourería.
E Alá, por riba das nubes,
coa man que o mundo encamiña
encenderá túas noites
e benzoará teus días

105 CRISTIANO:
Rei Birnarém, que me falas
con palabras ben sabidas,
que por non ser escoitadas
voan no vento perdidas;
110 rei Birnarém, a máis alto
os meus sonos se encamiñan,
que non me causan namoro
riquezas nin fidalguías.
Os meus pensamentos puxen
en servir esta Raíña,
115 dona de ceos e terras,
das almas amparo e guía,
e nin polo mundo enteiro,
de adoralas deixaría,
que non hai ben máis seguro
120 nin máis alta regalía
que bicar as súas prantas
ollando a súa surrixa.
Esquece do teu Mahoma
mentireiras canturías,
125 praceres e poderíos
cheos de vermes e cinzas,
e diante da Santa Virxe
dobra a túa fronte altiva
si queres a túa alma
130 deixar como o sol de limpa.

MOURO:
Que enlixes a miña caste
é forza que non consinta,
e as inxurias ó Profeta
135 terás que pagar coa vida,
morrendo como falsario
ó fío desta gumía.

CRISTIANO:
Birnarém, razón e forza
no meu forte brazo aniñan,
que é como un raio do ceo
140 a folla da espada miña.

MOURO:
Non quero enexir meu dios
que deshonra me faría,
e a loita dirá quen ten
forza, razón e xusticia.

145 CRISTIANO:
Da túa impiedade sexa
a morte pena debida,
xa que negas esta luz
que diante de ti rebrila.



(Loitan, ata que o mouro, malferido, cae de xoenllos ós pes da Santa Imaxen)

MOURO:
150 ¡Morto son! ¡Prega me vaia
a túa Santa María!

CRISTIANO:
155 Mil anos, un detrás doutro,
volverá o teu corpo a vida
e no día da Franqueira
por ordenación diviña,
rachando o teu corazón
para enchelo de fe viva,
mil veces entrará a Morte
abrindo a mesma ferida.

160 ¡O cabo dos anos mil,
contados día por día,
fará en ti novo miragro
a Virxe Santa María,
e verás a túa alma
de culpa e pecado limpa!

BIBLIOGRAFÍA:

José María Álvarez Blázquez.- *Romerías gallegas*, Ediciones Galicia, Buenos Aires, 1951.

Joaquín Barceló Verdú.- *Santiago y la fiesta de moros y cristianos*, Gráficas Díaz, Alicante, 1972.

Demetrio Brisset.- *Representaciones rituales hispánicas de conquista*, Universidad Complutense- Colección Tesis Doctorales, Madrid, 1988.

Ramón Cabanillas.- *As romaxes da Franqueira*, Editorial Castrelos, Vigo, 1974 [1927].

José Cardeso Liñares.- *Santuarios marianos de Galicia*, Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 1995.

Juan José Cebrián Franco.- *Santuarios marianos de Galicia*, Ediciones Encuentro, Madrid, 1989.

Nina Epton.- *Love and the Spanish*. Penguin Books, England, 1964[1961].

Antonio Fraguas.- *Romarías e santuarios*, Editorial Galaxia, Vigo, 1988.

Clodio González Pérez.- “La romería de Nosa Señora da Franqueira”, *Narria. Estudios de Artes y Costumbres Populares*. Universidad Autónoma de Madrid. Nº 77-78, 1997.

Vicente Risco.- “Etnografía. Cultura espiritual”, en *Obras completas*, Vol. 3. Editorial Galaxia, Vigo, 1994[1962].